MU

# Proxecto abalar

## Espazo Titorías

XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Índice

1. INTRODUCIÓN....3
1.1. PROPÓSITO....3
2. ACCESO A ESPAZO TITORÍAS....4
3. FUNCIONALIDADES PARA O/A TITOR/A....5
3.1. Solicitar un novo informe....5
3.2. Listaxe de informes....6
3.2.1. Visualizar o informe....7
3.2.2. Engadir comentarios na solicitude....7
3.2.3. Editar a solicitude....8
3.2.4. Eliminar a solicitude....8
3.2.5. Pechar/abrir a solicitude....9
3.2.6. Informes do profesorado....9
3.2.7. Envío de feedback ao profesorado....12
4. OPCIÓNS DO PROFESORADO....14

# 1. INTRODUCIÓN

Está dispoñible na plataforma un novo módulo denominado: Espazo Titorías. Este módulo creouse co obxectivo de facilitar a colaboración entre titores/as e profesorado para obter información do alumnado e preparar as titorías cos seus responsables.

O espazo titorías consta de dúas partes diferenciadas:

- Titor/a: pode solicitar un informe do/a alumno/a que desexe ao profesorado que proceda.
- Profesorado: profesorado ao que se lle solicita o informe, a cal consta dun apartado onde escribir o informe solicitado.

## 1.1. PROPÓSITO

Facilitar a máxima información do alumnado acerca das materias que está a cursar para realizar as titorías cos seus responsables.

# 2. ACCESO A ESPAZO TITORÍAS

O acceso a este módulo realízase a través da lapela “Accións” previamente seleccionando coma titor/a ou coma profesor/a o grupo.




Se o usuario escolle un dos grupos dos que é titor/a entrará no modo de espazo de titorías de titor/a. Pola contra, se escolle un dos grupos dos que é docente, accederá no modo de espazo de titorías do profesorado.

Para acceder como docente a cubrir os informes solicitados por el/ela mesmo/a sobre o alumnado do/s grupo/s do/s que é titor/a, o titor/a, despois de escoller o grupo do que é titor e a continuación “Espazo titorías” na lapela “Accións”, debe premer no botón “Acceso Como Docente ao Grupo” que aparece na seguinte pantalla.



# 3. FUNCIONALIDADES PARA O/A TITOR/A

Unha vez escollido un dos grupos nos que figura como titor/a e acceder a opción “Espazo titorías”, chégase a unha pantalla coa listaxe do alumnado da clase da cal é titor/a.

Esta pantalla mostra os datos do seu alumnado relacionados cos informes de titorías:

- Nome e apelidos.
- Data solicitude informe: data de solicitude do último informe de titoría que aínda non caducou.
- Data da titoría: data da última titoría que aínda non venceu en data.
- Accións: Solicitar informe + ou visualizar os informes para o/a alumno/a ≡ .
- Estado: Estado actual da solicitude.

**Alumnado**

| Apelidos e nome | Data solicitude informe | Data da titoría | Estado | Accións |
|---|---|---|---|---|
| Blanco Sánchez, Nahia | | | | + |
| Bragunde Durán, Joaquín | 23/10/2020 09:52:28 | 26/10/2020 14:12:00 | Pendente | ≡ |
| Caballero RODRÍGUEZ, Jonatan | | | | + ≡ |
| Camaniel Queimaliños, Elba | | | | + |
| Da Costa Fariña, Patricia | | | | + ≡ |
| De Guzman Mariño, Gabriel | | | | + |
| Domínguez López, Gonzalo | 22/10/2020 14:01:55 | 25/10/2020 08:00:00 | Pendente | ≡ |
| Ferreiro FERNÁNDEZ, Anxo | | | | + |
| Garabal Reimóndez, Julia | 23/10/2020 09:50:19 | 25/10/2020 09:00:00 | Enviado | ≡ |
| Garcia Perez, Rubén | | | | + |

Cando para un/unha alumno/a só aparece na columna accións a icona +, é que non ten solicitudes de informe de titoría previos.

Non se poderá facer unha nova solicitude de informe de titoría se o/a alumno/a ten algunha vixente. Neste caso na columna accións só se amosa a icona ≡ .

Cando para un/unha alumo/a aparecen ambas iconas + e ≡ , significa que non ten ningunha solicitude vixente, e polo tanto pode crearse unha nova, e que existen solicitudes de informes anteriores, respectivamente.

Estados posibles:

- Pendente: Indica que aínda existe profesorado que non respondeu á solicitude.
- Enviado: Indica que todo o profesorado ao que se lle solicitou o informe xa o enviou.
- Sen estado: Indica que a titoría xa pasou ou que non existe ningún informe para o/a alumno/a activo.

## 3.1. Solicitar un novo informe

Ao premer en + amósase a pantalla de solicitude de informe para un/unha alumno/a. Nesta pantalla, haberá que cumprimentar os seguintes campos:

- Data da titoría: A data debe ser posterior a data actual.
- Motivo da solicitude do informe: Breve descrición do motivo polo cal se solicita informe.
- Seleccionar as materias/profesorado para o cal se solicita o informe (polo menos un é obrigatorio).


Alumno/a: Lamparte Camaño, Rogelio

Titor/a: Lydia Bellas Soria

Data da titoría *

Motivo do informe *

Materias/profesorado ao que se lle solicita o informe

| Materia | Profesorado | Seleccionar |
|---|---|---|
| Bioloxía e xeoloxía | Emiliano Armas Durán | |
| Educación física | Marco Vilarchao Gregores | |
| Educación plástica, visual e audiovisual | Mayra País Justo | |
| Lingua castelá e literatura | Senén Bascoy Grueiro | |
| Lingua estranxeira - Inglés | Lydia Bellas Soria | |
| Lingua galega e literatura | Elva Satrústegui Regueiro | |
| Matemáticas | Yolanda Rubio Bernabéu | |
| Relixión católica | Afonso Fraguio Prieto | |
| Xeografía e historia | Jesús Artos Dios | |
| 2ª Lingua estranxeira - Francés | Xesús Treus Palmás | |

Gardar Volver

Ao premer no botón “Gardar”, envíase ao profesorado seleccionado un correo electrónico indicando que ten un informe pendente de cubrir para o/a alumno/a.

## 3.2. Listaxe de informes

Unha vez creada a solicitude, debe premer na icona para acceder a listaxe de informes de cada un dos/das alumnos/as. Nesta pantalla poderá acceder tanto á solicitude de informe vixente coma as realizadas anteriormente.

As accións dispoñibles de cada informe/titoría dependerán directamente do seu estado e da súa data de vixencia.

Para as titorías vixentes as accións dispoñibles son:

- Visualización do informe.
- Engadir un comentario xeral sobre a solicitude.
- Pechar/abrir a solicitude.
- Eliminar a solicitude.
- Editar a solicitude.
- Visualizar ou eliminar os informes do profesorado relacionados coa titoría.
- Pechar un informe de titoría dun/dunha profesor/a en particular.

Para as titorías nas que xa venceu a data da titoría, as accións dispoñibles son:

- Visualización do informe.
- Engadir un comentario sobre a titoría.
- Enviar feedback co resultado da titoría cos responsables do/a alumno/a ao profesorado.

Premendo na frecha sinalada na imaxe que vemos a continuación, amósanse os detalles de cada unha das solicitudes e as posibles accións a realizar en función do estado da mesma.




## 3.2.1. Visualizar o informe

A visualización do informe de titoría estará dispoñible para todas as solicitudes premendo na icona superior dereita . Amosarase unha pantalla cos datos da solicitude, xunto cos informes aportados polo profesorado. Premendo no botón "Xerar informe" enviarase ao buzón de informes un informe cos datos da mesma.

## 3.2.2. Engadir comentarios na solicitude

Para cada solicitude o/a titor/a sempre ten dispoñible o apartado "Comentario do/a titor/a" para engadir ou modificar os comentarios sobre a solicitude que considere oportunos. Os comentarios engadidos neste recadro son unicamente visibles polo titor/a.




Para gardar os cambios introducidos do comentario debe premer a continuación en "Gardar Comentario".

## 3.2.3. Editar a solicitude

Mentres a solicitude figure en prazo, o/a titor/a terá a posibilidade de facer cambios sobre a mesma. Os cambios dispoñibles son:

- Modificar a data: debe ser sempre unha data posterior á inicial.
- Modificar o motivo do informe.
- Engadir/eliminar o profesorado escollido para o informe.


Alumno/a: Casais Maques, Richard

Titor/a: LYDIA BELLAS SORIA

Data da titoría *

28/10/2020 09:26:00

Motivo do informe *

Notas para a solicitude de informe de titoría.

Materias/profesorado ao que se lle solicita o informe

| Materia | Profesorado | Seleccionar |
|---|---|---|
| Bioloxía e xeoloxía | Emiliano Armas Durán | ☑ |
| Educación física | Marco Vilarchao Gregores | ☐ |
| Educación plástica, visual e audiovisual | Mayra País Justo | ☐ |
| Lingua castelá e literatura | Senén Bascoy Grueiro | ☑ |
| Lingua estranxeira - Inglés | Lydia Bellas Soria | ☑ |
| Lingua galega e literatura | Elva Satrústegui Regueiro | ☐ |
| Matemáticas | Yolanda Rubio Bernabéu | ☐ |
| Relixión católica | Afonso Fraguio Prieto | ☐ |
| Xeografía e historia | Jesús Artos Dios | ☐ |
| 2ª Lingua estranxeira - Francés | Xesús Treus Palmás | ☑ |

Gardar Volver

Ao premer no botón "Gardar" para confirmar os cambios:

- Enviarase ao novo profesorado seleccionado un correo electrónico indicando que ten un informe pendente de cubrir para o/a alumno/a.
- En caso de producirse cambios na data ou no motivo do informe da titoría, todo o profesorado será notificado mediante un correo electrónico.

## 3.2.4. Eliminar a solicitude

Na listaxe do histórico de informes, premendo na icona superior dereita procederase á eliminación da solicitude. Ao premer nesta icona enviarase a unha pantalla de confirmación.

Se confirma a eliminación farase o borrado de todos os datos relacionados coa mesma, é dicir, todos os informes cubertos polo profesorado serán eliminados.



¿Está seguro que desexa eliminar a solicitude?

Se continúa coa eliminación, todos os datos introducidos polo profesorado serán eliminados.

Titor/a: LYDIA BELLAS SORIA
Data da titoría: 28/10/2020 10:28:00
Data solicitude informe: 26/10/2020 13:52:16
Estado: Pendente

Motivo do informe
Solicitude de titoría para o alumno

Comentario do/a titor/a

| Docente | Materia | Estado |
|---|---|---|
| Emiliano Armas Durán | Bioloxía e xeoloxía | Pendente |
| Marco Vilarchao Gregores | Educación física | Pendente |
| Mayra País Justo | Educación plástica, visual e audiovisual | Pechado |
| Senén Bascoy Grueiro | Lingua castelá e literatura | Pendente |
| Lydia Bellas Soria | Lingua estranxeira - Inglés | Pendente |

Eliminar Volver

## 3.2.5. Pechar/abrir a solicitude

Na listaxe de informes, o/a titor/a poderá pechar a solicitude en calquera momento mentres figure en prazo. Que significa pechar a solicitude? Que todos os informes do profesorado pasarán a estar en estado "Pechado" e non se poderán facer modificacións nos mesmos.

Para pechar a solicitude debe premer no botón "Pechar solicitude". As solicitudes pechadas figuran coa icona na marxe superior dereita.

As solicitudes pechadas que figuren en prazo poderán reabrirse polo/a titor/a se este o considera oportuno. Para iso ten que premer na icona . Automaticamente a solicitude queda aberta e os/as docentes terán acceso aos seus informe.

## 3.2.6. Informes do profesorado

Sobre os informes do profesorado, o/a titor/a poderá realizar diferentes accións: visualizar o informe, engadir un comentario ao mesmo, pechalo ou eliminalo.

Cada un dos informes pode figurar en diferentes estados:

- Pendente: o/a docente aínda non enviou os seus comentarios.
  - O titor/a non pode ver os comentarios do/a docente.
  - O/A docente pode ver os comentarios do titor e facer os seus comentarios.
- Enviado: o/a docente xa fixo o envío os seus comentarios.
  - O titor/a pode ver os comentarios do/a docente.
  - O/A docente pode ver os comentarios do titor e facer os seus comentarios.
- Pechado: o informe do/a docente está pechado.
  - O titor/a pode ver os comentarios do/a docente se previamente foron enviados.
  - O/A docente xa non poderá facer máis comentarios.




### 3.2.6.1. Visualizar e engadir comentarios ao informe

Para visualizar ou engadir comentarios ao informe dun/a docente ao que previamente se lle fixo unha solicitude, debe premer na icona situada ao carón do mesmo.




Só poderá ver os comentarios do/a docente se previamente o/a docente fixo o envío dos mesmos, en caso contrario os comentarios figurarán en branco.

Se desexa especificar un comentario en particular ao informe dun/dunha docente, debe introducir o comentario no recadro “Comentario do/a titor/a” e premer no botón “Gardar comentario”.

Poderá engadir comentarios nos informes particulares dos docentes que non figuren en estado “Pechado” , sempre e cando non vencese a data da titoría.




### 3.2.6.2. Pechar o informe

O profesorado pode modificar os seus comentarios en calquera momento ata o vencemento da titoría. Se nalgún momento o/a titor/a decide que non quere que algún/algunha dos/das docentes poida editar o informe, nese caso pode pechar o informe en particular para o/a docente. Para facelo debe ir a través da icona , e a continuación premer no botón “Pechar informe”.

### 3.2.6.3. Eliminar o informe

Na listaxe do histórico de informes, premendo na icona , o/a titor/a poderá proceder a eliminar un informe en particular dun/dunha docente. Unha vez eliminado non se poderá recuperar.



## 3.2.7. Envío de feedback ao profesorado

Unha vez finalizada a titoría, o/a titor/a ten a posibilidade de enviar os comentarios resultado da reunión ao resto do profesorado. Isto pode facelo dende a listaxe de informes do/a alumno/a premendo na icona .

Accederá a unha pantalla onde pode consultar os datos da titoría, incluír no recadro de feedback o texto a enviar e escoller o profesorado, dos que lle solicitou o informe, ao cal desexa enviar o feedback, e a continuación premer no botón “Gardar”. O profesorado seleccionado recibirá un correo electrónico coa notificación.



Alumno/a: Airas Meire, Rosaura

Data da titoría: 26/10/2020 12:27:00
Data solicitude informe: 25/10/2020 18:54:51

Motivo do informe

Solicitude de datos sobre a alumna para a reunión cos responsables

Feedback para o profesorado

| Materia | Profesorado | Seleccionar |
|---|---|---|
| Bioloxía e xeoloxía | Stephanie Purriños Nuez | |
| Educación plástica, visual e audiovisual | Ramona Turnes Gueimonde | |
| Lingua estranxeira - Inglés | Alexandre Monteiro Perales | |

Gardar Volver

Pode enviar varios feedbacks ao profesorado que considere. Os/as docentes só verán aqueles feedbacks enviados a eles directamente.



Alumno/a: Airas Meire, Rosaura

Data da titoría: 26/10/2020 12:27:00
Data solicitude informe: 25/10/2020 18:54:51
Motivo do informe

Solicitude de datos sobre a alumna para a reunión cos responsables

26/10/2020 16:51:11

*Resultado inicial da titoría para todos*

Profesorado/materias:

Stephanie Purriños Nuez - Bioloxía e xeoloxía
Ramona Turnes Gueimonde - Educación plástica, visual e audiovisual
Alexandre Monteiro Perales - Lingua estranxeira - Inglés

26/10/2020 16:51:50

*Segundo feedback só para dous docentes.*

Profesorado/materias:

Stephanie Purriños Nuez - Bioloxía e xeoloxía
Alexandre Monteiro Perales - Lingua estranxeira - Inglés

Feedback para o profesorado

| Materia | Profesorado | Seleccionar |
|---|---|---|
| Bioloxía e xeoloxía | Stephanie Purriños Nuez | |
| Educación plástica, visual e audiovisual | Ramona Turnes Gueimonde | |
| Lingua estranxeira - Inglés | Alexandre Monteiro Perales | |

Gardar Volver

A listaxe de feedback enviados e destinatarios pode verse despois do envío na mesma pantalla.

# 4. OPCIÓNS DO PROFESORADO

Neste apartado descríbense as diferentes opcións que ten o profesorado para colaborar co/a titor/a e engadir os informes que se lle solicitan.

Ao seleccionar a opción Espazo Titorías, previamente escollendo un dos grupos dos que é profesor/a, aparece a pantalla coa listaxe dos informes solicitados para o seu alumnado.

O/a docente poderá filtrar por estado ou por aqueles informes para os que exista algún feedback por parte do/a titor/a.




Na listaxe de informes solicitados aparecen as columnas:

- Materia.
- Apelidos e nome (do/a alumno/a).
- Data de solicitude do informe.
- Data da titoría.
- Estado.
  - Pendente.
  - Enviado.
  - Pechado.
- Accións.
  - Visualizar o informe .
  - Engadir informe . Só dispoñible se a titoría non venceu e o estado da mesma é "Pendente" ou "Enviado".
  - Visualizar o feedback do/a titor/a sobre a titoría .

## Engadir informe

Para engadir o seu informe, o/a docente debe acceder mediante a icona de edición á pantalla para cubrir os datos. Nesta pantalla pode consultar os datos da solicitude así coma os comentarios particulares do/a titor/a.

Pode cubrir os datos do informe e premer no botón "Gardar comentarios" para gardar os cambios. Se desexa facer o envío e que os seus comentarios sexan visibles polo/a titor/a debe premer no botón "Enviar informe". Dende este momento o/a titor/a terá acceso aos seus comentarios. Poderá continuar modificando o seu informe ata a data da titoría a non ser que o/a titor/a decida pechalo previamente. Nese caso o acceso en modo edición non estará habilitado.




## Visualizar o feedback sobre a titoría

Unha vez finalizada a titoría, o/a titor/a poderá enviar ao profesorado as súas conclusións. Cando un docente recibe un feedback, na columna accións aparecerá a icona . A cor da icona será vermella se o/a docente aínda non o visualizou.




Ao premer na icona 🔔 leva á pantalla do detalle do feedback.

